

A MEMORIA DA DESMEMORIA

ANA ISABEL E MÓNICA HIDALGO MOURIÑO

*Quen sexa o que recorde
ten un nome bordado na miña memoria de violetas,
na fresca vizosidade da mesta carballeira,
nos enredos, nos xogos, no pan branco,
nas memorias futuras que aloumiño, sen medo,
cos meus dedos de ensoño.*
(A. Cunqueiro)

SOÑO COA PRIMEIRA CEREIXA DO VERÁN¹...

A primeira Galicia que coñecemos foi a Galicia do verán. Tardabamos doce horas en chegar. Necesariamente tiña que ser unha auténtica odisea, unha viaxe ó « *bonsai atlántico*² ». O primeiro mar que coñecemos o mar galego, mar bravío do silencio, mar salgado das algas.

Dolores, a nosa avoa, casou con dezasete anos. Tivo dez fillos. Para un deles, Plácido, Galicia foi sempre « a terra do adeus ». No derradeiro momento en que volveu tiña sesenta e un anos. Daquela non nos decataramos, pero estáballe dicindo adeus á terra:

*Adios ríos, adios fontes, adios regatos pequenos,
adios vista dos meus ollos non sei cando nos veremos...³*

E a mirada de Plácido parecía seguir dicindo:

*Un día voltarei, nativa terra
a descansar en ti dos meus camiños,
mais non te alcontrarei. En min te levo,
pero eu estou moi lonxe, lonxe, lonxe...*

En *Cien Años de Soledad*, Gabriel García Márquez escribiu⁴: « *Uno no es de ningún sitio mientras*

no tenga un muerto bajo la tierra ». Plácido nunca chegou a ser arxentino, por máis que dixese:

– « Piva, ¿vos no manejas? ».

Está enterrado aló, ó outro lado do Océano Atlántico, só, lonxe da súa nai, lonxe dos seus mortos, fóra do útero da súa terra.

Cando remataba o verán, nós tamén tiñamos que dicir adeus. Velái que Galicia acabou sendo tamén para nós a Terra do Adeus, e iso que nós sabíamos que sempre iamos voltar. Cada verán Ela estaría alí para recibirmos, cunha forte aperta agarimándonos cos seus brazos. Foi o primeiro lugar onde coñecemos a vida e a morte. Un día de verán, era moi cedo aínda, estabamos no leito e oímos berrar embaixo.

A vaca estaba parindo na corte, debaixo de nós, e berraba coma unha muller. « *Aínda me segue impresionando un bufar de animais / que sube polas táboas do meu cuarto desde o curral*⁵ ». Foi como escoitar unha longametraxe de vampiros dende o cuarto e maxina-lo que está a pasar. Nós, así sentadas no leito, escoitábamo-lo bulicio embaixo, e non sabemos nin qué podíamos pensar. Nin sabemos se chegamos a baixar á corte, pero cravóusenos tan forte na memoria que foi como se estivesemos diante. Foi a primeira vez que escoitamos nacer a alguén. A primeira morte non a lembramos como unha traxedia. Eramos moi pequenas e fomos ó velorio dunha vella da casa que está por debaixo da nosa. Pasámolo moi ben coa nosa curmá Isabel mentres a vella morta durmía dentro dunha caixa con ventá.

Tódolos fillos da nosa avoa naceron na casa e, catro dos cinco que morreron, fixérono tamén na casa. Unha casa da vida e da morte que, como unha enorme gorxa, lle cospe ós seus fillos e os traga cando morren. Cada currunchito da casa é a lembranza dun nacemento e dunha despedida. Unha das fillas, Aurita, morreu na cociña despois de que

¹ Rivas, M.: *¿Que me quieres, amor?*, Vigo: Galaxia, 1995.

² Rivas, M.: *Galicia, el bonsai atlántico*, Madrid: El País Aguilar, 1989.

³ Castro, Rosalía de: *Obra poética*, Madrid, Espasa-Calpe, 1972.

⁴ García Márquez, G.: *Cien años de soledad*, Madrid: Cátedra, 1994.

⁵ Novo, O.: *Nós nus*, Vigo: Xerais, 1997.

unha bala accidental lle atravesase o estómago. Tiña dezaioito anos. As outras dúas pequenas morreron, unha de meninxite con dous anos, e a outra –di Dolores– que morreu ameigada cando contaba meses. Inés, a última filla que tivo, agás Lola –nosa nai–, morreu no mesmo cuarto no que naceu.

De que o tempo é coma un círculo que virará infinitamente, decatámonos cando eramos mozas, cando os momentos de encontros e desencontros se repetían cada verán. Pero nunca pensamos ata entón que o espacio tamén o fose, que os mesmos lugares e ata os mesmos mobles que os pariron presenciasen as súas mortes.

Dos sete fillos que viviron, cinco homes e dúas mulleres, cinco foron para o estranxeiro: Francia e Arxentina. Todos voltaron menos Plácido, e só un deles quedou en Galicia despois de botar en Madrid e Bilbao unha morea de anos. Imaxino que tódolos galegos de máis de cincuenta anos teñen a súa particular visión da emigración. Nosa nai contounos que o noso avó recitaba de memoria uns versos dun poema de Rosalía de Castro que di «*Castellanos de Castilla tratade ben ós galegos/ cando van, van como rosas, cando ven, ven como negros*».

En *Galicia, el bonsai atlántico*, Rivas define a emigración como fenómeno de «*carácter bíblico*» e fala da Arxentina como a «*patria na diáspora*». É unha definición preciosa; sóanos como se un galego, vestido de palestino, fose botando aturuxos polo mundo, así din os Diplomáticos. Sumando os galegos que marcharon á Arxentina cos de Europa e os das capitais de España, entre finais do século XIX e mediados do XX, resulta unha cifra semellante á actual poboación galega. As mulleres –e entre elas a nosa avoa que, ó nacer no 1907, viviu tódalas emigracións galegas do XX– convertéronse nas «*viudas de vivos e mortos*»⁶. Quizais fose ese matriarcado rural o que permitiu unha maior tolerancia sexual que noutras sociedades próximas. «Matriarcado rural» entre comiñas, porque para moitas persoas –e entre elas está María Xosé Queizán– o sistema segue sendo patriarcal. Ben, pois quizais fose esa nova e primixenia orde a que fixo que ocorrese en Galicia o primeiro casamento entre dous irmáns⁷, e que se desen, ademais, situacións como a do Rei e A Coruñesa que nos contou a nosa avoa, e que relata un pentágono amoroso.

⁶ Castro, Rosalía de: *Follas Novas*, Edición de H. Monteagudo e D. Vilavedra, Vigo: Galaxia, 1993.

⁷ «Edipo en Cambre», *Tempos Novos*, nº1, maio 1997.

O alcume desta muller «X» era A Coruñesa porque estivo vivindo alí despois de saír da súa vila en Ribadulla. Na Coruña tivo dous amantes e un deles, ó que chamaban O Rei, estaba casado. O Rei decatouse de que A Coruñesa andaba con outro e matouno. A Coruñesa pagoulle o enterro ó amante morto e sacou Ó Rei do cárcere. Despois volveu con el a Ribadulla e alí viviron os dous xuntos maila muller do Rei. A Coruñesa, para poder vivir con eles, pasoulle todo por venda á muller destoutro amante. Ó tempo, A Coruñesa, casou cun fulano que pensou que ela tiña cartos pero, cando se deu conta de que non era así, aborreceuna. Ela volveu co Rei a ser vértice, agora do triángulo. Polo que sabemos, nos últimos anos viven os tres xuntiños, e as dúas mulleres discuten de seguido por ver quen leva a vida da casa.

DAQUIL PERDIDO EDÉN SOIO ME QUEDA, / NA NÉBOA DA MEMORIA, UN HÓRREO.

*Un mundo, tan inorme!,
nas tépedas tardiñas do outono.
Alí o fogar, alí a oficina.
alá o teatro i os cómicos.
Alí navegaciós e viaxes,
alá cantigas e contos⁸.*

Cando chegabamos a Beigondo, a vila da nosa familia, o que máis nos gustaba era baleira-lo hórreo cheo de queixos, millo e xabón. A primeira vez que o fixemos teríamos uns sete ou oito anos e démoslle un nome entre tódalas curmáns a aquel acubillo: «El Refugio Mouriño».

O Hórreo foi para nós o desexo que teñen tódolos nenos a esa idade: ter un lugar onde só poidan ir as persoas que nós queiramos, como Isabel (coas súas amigas a fumar pitos) ou como o sobriño dunha das amigas de Isabel, que era o único rapaz da aldea.

Unha vez collemos tantas amoras que fixemos marmelada no hórreo. Tamén faciamos tortas coa lama e as flores roubadas dunha casa próxima á nosa. Colliamos as espigas do millo para xogar con elas como se fosen monecas. As máis codiciadas eran as que tiñan as barbas máis longas.

⁸ Ferreiro, C. E.: *Antoloxía Poética*, Vigo: Xerais, 1989

Cando no se podía parar coa calor no verán, íamos ó río. Chamábámoslle río aínda que fose un encoro. No ano 1970, Franco mandou construír unha presa na confluencia dos ríos Ulla e Iso. O encoro de Portodemouros acabou coa vida de paxaros e animais das ribeiras dos ríos. O feito tivo moita repercusión e, como non podía ser doutro xeito, espertou os espíritos críticos de tódolos afectados creándose ditos e cancións nas que deixa-las súas queixas:

En Brocos antes tiñamos troitas e salmós, e agora temos augha ata os collós.

Á Empresa Moncabril, que foi a encargada de face-lo «choio», chamábanlle «Sociedad sin Alma». O noso tío José fixo un poema para a ocasión⁹:

*Leváronnos os prados, / e leváronnos as fontes,
leváronnos os muiños,
e tamén leváronnos as fontes. / Y as pontes eran nosas.
¡Que nos fughan outras pontes, / y as barcas pa
[Fenosas!]*

Ó serán sentabamos á beira da casa nunha pedra, que é para carga-lo gando cando o levan a vender ás feiras, e mirabamos as estrelas fugaces pedindo desexos. Despois da cea subiamos ós cuartos e botabamos unhas partidas de cartas. Cando xa estabamos cansas, deitabámonos cheas de emoción esperando o día seguinte. Ana e mais eu dormiamos xuntas. Cada noite a nosa avoa sentaba nun leito e contábanos un conto. O que máis nos gustaba era o da Santa Genoveva¹⁰:

Santa Genoveva casou cun conde porque ela era moi guapa e como era tan guapa que o conde namorouse dela. Os condes tiñan que ir a gherra e ela quedou embarazada cando el marchou. E despoi lo mardomeiro que tiña dos criados para mirar da riqueza que tiña, namorábase dela e ela non o quería. Non o quixo. E entonces el chamou ó conde dicíndolle que estaba embarazada dun criado, que andaba un criado con ela, e sin andare. O conde dixo que si era así, pois que a matara. Entonces el como no quería ir dixo ós criados que a mataran e ela marchou co neniño nos

⁹ Transcrita literalmente do noso tío.

¹⁰ Transcrita literalmente da nosa avoa.

brazos. Entonces eles levaron unha perra e eles quixéronlle tira-lo neno e ela díxolles:

– ¡A mi hijo no, primeiro me matades a mi que matar a mi hijo.

Entonces díxéronlle eles, porque eles queríanlle moito porque ela era moi buena, entonces díxéronlle eles:

– Bueno, pois si nunca máis apareces, matámo-la perra e levámo-la lengua da perra.

Porque a lengua dos cas é parecida á dos cristianos. [Risas]. E entonces mataron á perra e leváronlle a lengua e dixo:

– ¡o nunca máis vou aparecer, nunca máis.

E entonces ela marchouse e buscó unha cueva, atopou unha cueva no monte, e meteuse nela. Meteuse naquela cueva. Despois viñan las ciervas esas que son como as cabras, ven unha xa pa lle dar leite pa o neno. E despois ven, non sei si foi un mono ou un oso, paréceme que foi un mono, tróuxolle unha piel. ¡No!, ¡era un oso!. Una piel pa acosta-lo neno na cueva. E ela estaba así, bueno, vivía así, e traíanlle, carreixábanlle de comere, o oso traíalle comida para comer. Entonces ela estíbese alí, e despois naquel tempo, acabouse a gherra pero ela xa estaba cuberta de pelo, tiña todo pelo i o neniño tamén tiña pelo de estaren alí. E entonces acabouse a gherra i o conde andaba moi triste, claro. E entonces haberá unha cacería, a ir cazar, e foran cazar alí a aquel monte. Entonces el ciervo ese iba corriendo corriendo pa se meter na cueva, i el sigheuna pa matala e cheghou alí e estaba ela na boca da mina que había alí, había unha mina por debaixo da terra. E entonces el cando a veu, pois conoceu-na e abrazouse nela e díxolle como s'estaba alí, e despois contoulle a vida como fora. Entonces el sacou o abrigo que tiña e visteulle a ela, cubreuna. Bueno, marchou con ela máis co neno, e despois cheghou á casa e el quería mata-lo mardomeiro i ela díxolle que non, que non o matara. Entonces non o matou. E despois estiveron alí pero ela logho morreu, pouco tempo lle viveu, ó que veu pa alí, viveu pouco tempo. E armou unha festa moi ghrande e todo, e despois ela morreu e el quedou co neno. A cierva esa iba tódolos días ao cementerio a chorar por ela, berrar por ela coma se fora unha persona. E el despois meteuse no convento, el mailo neno. E ¡ala!, acabouse. E despois quedouse Santa Genoveva. E ben santa que era.

Ata o ano 89, nosa avoa non tivo lavadora. Nós íamos coa nosa tía Encarnación lava-la roupa a Carandían. É coma se aquela paisaxe, aquel estanque, coa pedra suavíña para enxabrona-la roupa,

onde as silveiras lle gañaban a cada paso terreo, a nosa tía que lavaba na auga xeada inverno e verán..., desaparecese agora como se nunca estivese. Algunhas veces, as menos, lavabamos unhas bragas ou un par de calcetíns e deixabamos cae-lo xabrón ó fondo do lavadeiro... Aínda o lembro como un lugar sen fin, coma unha poza sen fondo, como a porta para outro lugar que se nos antollaba mítico. Cando ía chegando o serán, voltabamos todas molladas á casa, empapadas e coma se volvesemos dunha viaxe marabillosa. Intentamos voltar alí moitas veces, pero non o demos atopado. De tódolos xeitos, como dixo Vargas Llosa¹¹ recordando a Valle Inclán: «*Las cosas no son como las vemos sino como las recordamos*». Os lugares da nosa infancia non son xa como os vemos senón como os lembraremos sempre.

Para nós, escoitar galego xa era estarmos en Galicia. Jesús, o noso tío máis novo, emigrou a Madrid despois de estar en Francia. Casou cunha galega de Roblido (unha vila de Ourense). No piso que alugaron foron vivir tamén a nai da miña tía e

Inés, a nosa única tía. Alí só se falaba galego. Cando chegabamos ó piso dicíamos que iamós a Galicia. Para nós, aquel primeiro andar de longos e escuros corredores, con grandes fiestras que daban a un patio interior polas que non entraba nunca a luz, que non tiña plantas nin flores, aquel primeiro andar era Galicia.

Hai uns anos, Antón Santamarina, dixo nunha conferencia que, mediante a palabra, o home converte, crea e ve o mundo coa súa fala. Se daquela os meus tíos falasen castelán, nós nunca estaríamos en Galicia no centro de Madrid.

A nosa memoria que ata agora foi a desmemoria, non nos deixou inventa-lo traballo. Obrigounos a escribir de nós, da nosa familia, das nosas ledicias e dos nosos devanceiros. Ademais, axudounos a que a nosa avoa lembrase os romances aprendidos cando era nena, presentounos a «Gerinaldo» e á «Mora Cautiva». E tróuxonos as vidas da xente de hai sesenta anos, só con preguntarlle. Nunca unha pregunta nos deu para tanto.

¹¹ Vargas Llosa, M.: *La verdad de las mentiras*, Barcelona, Seix Barral, 1990.